



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B xaneiro – marzo 2015

14 de xaneiro: entregamos...



El libro de arena, de Jorge Luis Borges

Trece relatos curtos e un epílogo dun estilo llano, case oral, e dun argumento imposible. Contos que nos sitúan nunha dimensión onírica onde non está clara a barreira entre a realidade e o soño e onde as paradoxas temporais, as reflexións sobre o infinito e unha visión particular de certos feitos históricos, entre outros temas, revélanos o universo inimitable do Nobel argentino.

Comentario: 28 de xaneiro

28 de xaneiro: entregamos...



La vida de Pi, de Yann Martel

Pi Pattel vive na India, onde o seu pai é o propietario dun zoolóxico. Cando deciden emigrar a Canadá a seu travesía verase truncada por unha tormenta, naufragando o barco no que viaxaban. Na barca de salvamento quedan cinco tripulantes, Pi e catro animais que están dispostos a ocupar o seu posto na cadea alimentaria.

Comentario: 11 de febreiro

28 de xaneiro ás 18,30 h.: presentación do libro **“Contos do mar de Irlanda”**
de Xurxo Souto



11 de febreiro: entregamos...



Olive Kitteridge, de Elizabeth Strout

Premio Pulitzer 2009. Son trece relatos unidos por un nexa común, a profesora retirada Olive Kitteridge ofrece a súa óptica particular sobre a vida cotiá dunha pequena vila mariñeira do condado de Maine. Elizabeth Strout tamén gañou o National Book Award con este título.

Comentario: 25 de febreiro

25 de febreiro: entregamos...



Las baladas del ajo, de Mo Yan

Traxedia rural ambientada nunha aldea chinesa a finais dos anos oitenta do século pasado. Os ventos da modernidade empezan a soprar nas cidades pero aínda certos usos e costumes perduran nun campesinado que se ve obrigado a producir en masa unha colleita de allo baixo a promesa da súa compra a bo prezo por parte da administración. Mo Yan foi Premio Nobel de Literatura en 2012.

Comentario: 11 de marzo

11 de marzo: entregamos...




Un dedo manchado de tinta, de Manuel Portas

Seis pequenas historias protagonizadas por persoas comúns, historias que poderían ser reais conectadas pola casualidade e non pola causalidad, personaxes que poderíamos atoparnos nunha rúa calquera de Compostela. Segunda novela de Manuel Portas, escritor, profesor e sociolingüista.

Comentario: 25 de marzo

25 de marzo: entregamos...



Los detectives salvajes, de Roberto Bolaño

Arturo e Ulises, os detectives salvaxes, saen na procura do rastro de Cesárea Tinajero, a misteriosa escritora desaparecida en México nos anos posteriores á Revolución. Dita pesquisa irase prolongando durante vinte anos, desde 1976 ata 1996, atravesando México, Nicaragua, Estados Unidos, Francia, España, Austria, Israel e África.

Comentario: 8 de abril